

CONVOCATORIA PRÁCTICAS EMPRESA
ALUMNOS DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS
E.U. RELACIÓNS LABORAIS LUGO
CURSO ACADÉMICO 2025/2026- 2ºSEMESTRE

O Real Decreto 1393/2007 de 29 de outubro, modificado polo Real Decreto 861/2010 de 2 de xullo, establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

O Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado en Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015, establece o procedemento para a realización das prácticas curriculares e extracurriculares.

O regulamento da directora da E.U. de Relacións Laborais de Lugo, de data 2 de marzo de 2023, establece as normas para a realización de prácticas en empresas recoñecibles como créditos optativos, da titulación de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos do Campus de Lugo.

A realización das prácticas externas esixirá a sinatura dun convenio de cooperación educativa entre a USC e a entidade correspondente.

Esta Escola convoca o procedemento selectivo para a realización de prácticas en empresas, por parte dos alumnos do **Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos**, de acordo coas seguintes bases:

1. NORMAS XERAIS

Convócanse prazas para a realización de prácticas en empresas no curso 2024-2025 por parte dos estudantes do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, que terán unha duración de 300 horas, equivalentes a 12 créditos ECTS.

2. REQUISITOS ACADÉMICOS DOS CANDIDATOS

2.1.- Para a realización das prácticas obxecto desta convocatoria deberánse reunir os seguintes requisitos:

- **Ter superado un mínimo de 120 créditos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos no momento da solicitude.**
- **Non ter superado o Traballo Fin de Grao.**

3. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Os impresos estarán a disposición do alumnado na Secretaría da Escola ou na páxina Web da mesma:

O prazo para a presentación das solicitudes será do 21 novembro ao 2 decembro 2025, na Secretaría da Escola ou por correo electrónico a hola@relacioneslaboraleslugo.com, xunto co expediente académico informativo e a declaración xurada de non ter parentesco coa empresa.

4. LISTA DE ADMITIDOS

Unha vez avaliadas as solicitudes dos alumnos, farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina Web da Escola, o **día 8 de outubro de 2025** a resolución provisional, na que figurarán os alumnos admitidos, ordeados consonte a nota media do seu expediente académico, calculada a mesma de acordo co protocolo establecido polo SUG e a proposta de prazas para prácticas por parte das empresas/institucións.

Reclamacións do **3 ao 5 de decembro de 2025**.

5. ASIGNACIÓN DE PRAZAS

Unha vez pasado o periodo de reclamacións, o **9 de decembro de 2025**, publicarase a **Resolución definitiva** coa asignación da empresa que lle corresponde a cada estudante así como o periodo de prácticas a realizar.

O **período de realización** de prácticas iniciárase o **10 de decembro de 2025**, os mércores, xoves e venres, en quenda de mañá.

6. MATRÍCULA

Unha vez asignadas as prazas ao alumnado, de non estar matriculado na materia G3021447 Prácticas en Empresas, deberá formalizar a **matrícula** na mesma, na Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo antes do comezo do período de prácticas.

Non formalizar matrícula no prazo sinalado suporá que o alumno decae no seu dereito á realización das prácticas.

Os alumnos seleccionados que non formalicen a matrícula nos prazos sinalados terán a obriga de comunicar por escrito a súa renuncia ás prácticas na Secretaría da E.U. de Relacións Laborais de Lugo.

Antes do día previsto para o comezo das mesmas o/a alumno/a seleccionado/a recollerá na Secretaría do Centro o Anexo ao convenio de prácticas (3 copias), que unha vez asinadas por él e pola entidade colaboradora, deberá devolver unha copia a Escola, no prazo de cinco días hábiles a contar dende a adxudicación da práctica.

7. AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS

A **avaliación das prácticas será realizada** polo/a titor/a académico/a, que será profesorado do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Escola, e terá que emitir informe coa nota final á vista da seguinte documentación:

- a) **Informe do/a titor/a externo** da Empresa ou Institución.
- b) **Memoria** que deberá realizar o alumnado no prazo de 10 días a contar dende o remate das prácticas.

En Lugo, a 21 de novembro de 2025

A DIRECTORA

(Asinado)

Mercedes Montes Rodríguez

Taboleiro de Anuncios da E. U. Relacións Laborais Lugo



ANEXO I

OFERTA PRAZAS PARA PRÁCTICAS EMPRESA- CURSO 2025-2026- 2º SEMESTRE

TITULACIÓN: GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS
DURACIÓN: 25 HORAS/CRÉDITO (300 HORAS)
CRÉDITOS: 12 OPTATIVOS

EMPRESA/INSTITUCIÓN OU DISPOSITIVO DE PRÁCTICAS	Nº DE PRAZAS	PERÍODO DE REALIZACIÓN	TITOR/A EXTERNO	COORD. PRÁCTICAS
ESTUDIOS RAFER S.L.	1	DO 10-12-2025 AO 16-04-2026	Tutor de empresa	Diego Vilanova

HORARIO DAS PRÁCTICAS:
MÉRCORES, XOVES E VENRES: DE 8:00 A 14:00 HORAS

